

AL CUALIFICACIÓN PROFESIONAL CUALIF  
ON PROFESIONAL CUALIFICACION PROFE

## COLOCACIÓN DA PEDRA NATURAL

Nivel de cualificación: 2

INSTITUTO  
GALEGO  
DAS  
CUALIFICACIÓN



### Coordinación do proxecto

Cristina Rubal González

### Dirección do proxecto

Marisa Mallo Fernández

### Equipo técnico e metodolóxico

Ana Pinal Fuentes

Ana Ferreiroa Dobarro

Isabel Bandín Matos

### Grupo de expertos

Experto

Empresa

José Ramón Bugarín Rodríguez

Dolmen Granit, S.L.

José Luis Delgado San Miguel

Enxeñeiro técnico de minas,  
Profesional liberal

Ángel Gancedo Muriente

Pizarras Samaca, S.A

José María González Álvarez

Pilesa e Intradima

Alfonso González Moral

Elgo, S.L.

Santiago López Piñeiro

Universidade da Coruña

Andrés Molina Franco

Consejería de Educación,  
Junta de Andalucía

Enrique Sanjuán Oliveira

Euro Roca, S.A.

### Colaborou na primeira fase do proxecto

Javier Fernández Prego

Fachadas del Norte, S.L.

# Índice

<b>Presentación</b> .....	7
<b>1. Competencia xeral</b> .....	9
<b>2. Unidades de competencia</b> .....	9
<b>2.1. Relación de unidades de competencia</b> .....	9
<b>2.2. Desenvolvemento das unidades de competencia</b> .....	10
2.2.1. Unidade de competencia 1. <b>Colocar cubertas e paramentos verticais con placas de lousa de teitar.</b> . . .	10
2.2.2. Unidade de competencia 2. <b>Realizar muros estruturais de cantería, empedrados             e elementos singulares.</b> .....	18
2.2.3. Unidade de competencia 3. <b>Revestir todo tipo de paramentos con pezas de pedra natural.</b> .....	23
<b>3. Ámbitos de competencia</b> .....	29
<b>3.1. Relación de ámbitos de competencia</b> .....	29
<b>3.2. Desenvolvemento de ámbitos de competencia</b> .....	29
3.2.1. <b>Seguranza na colocación de pedra natural</b> .....	29
3.2.2. <b>Calidade</b> .....	29
3.2.3. <b>Relacións no equipo de traballo</b> .....	30
<b>4. Anexo. Cualificacións profesionais no sector da pedra natural</b> .....	32
<b>5. Glosario</b> .....	33



## Presentación

Na intención da Xunta de Galicia está o dobre obxectivo de conseguir o progreso dos traballadores e a competitividade das empresas, establecendo como principio unha mellora da cualificación profesional.

O contexto socioeconómico da Comunidade Autónoma galega, baseado cada día máis na competitividade empresarial, esixe revisar o papel dos recursos humanos nas organizacións productivas, conferíndolle un maior valor á competencia profesional dos traballadores. A competencia á que nos referimos non sería a mera capacidade de realizar tarefas repetitivas, senón que inclúe a capacidade de relación, de innovación e, sobre todo, de adaptación permanente ós continuos cambios ós que está sometido o sistema productivo.

A caracterización da competencia profesional é un proceso de gran complexidade e de importancia clave para o avance da economía galega, xa que se trata de describi-lo que se espera que realicen as persoas na súa actividade laboral para acadar os niveis de calidade e eficacia que esixen as estruturas productivas. Con esta premisa o **Instituto Galego das Cualificacións** abordou a determinación desas competencias en dous sectores relevantes para a economía galega como son a construción naval e a pedra natural, a través da elaboración das cualificacións profesionais.

O traballo que se presenta a continuación non sería posible sen a colaboración dos sectores implicados, tanto a nivel empresarial como sindical, ós que desde estas liñas queremos amosa-lo noso máis profundo agradecemento.

Entendemos que coa elaboración destas cualificacións profesionais a Administración galega deu un paso adiante e será agora responsabilidade dos sectores correspondentes facelas realidade a través da súa aplicación no mundo productivo.

Manuela López Besteiro  
Conselleira de Familia e Promoción do Emprego,  
Muller e Xuventude





Denominación:

## Colocación da pedra natural

Nivel de cualificación: **2**

### ■ 1. Competencia xeral

Utiliza-la pedra natural para revestir todo tipo de paramentos, construír elementos estruturais e singulares e colocar cubertas, seguindo as especificacións técnicas do proxecto e cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental establecidas.

### ■ 2. Unidades de competencia

#### ■ 2.1. Relación de unidades de competencia

- UC 1. Colocar cubertas e paramentos verticais con placas de lousa de teitar.
- UC 2. Realizar muros estruturais de cantearía, empedrados e elementos singulares.
- UC 3. Revestir todo tipo de paramentos con pezas de pedra natural.



## ■ 2.2. Desenvolvemento de unidades de competencia

### ■ 2.2.1. Unidade de competencia 1.

#### **Colocar cubertas e paramentos verticais con placas de lousa de teitar**

##### **A. Elementos de competencia e criterios de realización**

#### ■ EC1. Interpretar os planos e croquis de obra axustando os pedidos á realidade da obra.

CR 1. Identifícanse as distintas formas e tipoloxías dos elementos constructivos a revestir.

CR 2. Obtéñense tódalas pendentes, expresándoas tanto polo seu valor angular como porcentual.

CR 3. Unha vez obtido o cálculo das pendentes avalíanse os distintos recubrimentos, tanto sexa para a colocación con gancho como para a colocación con cravo.

CR 4. Aprécianse as diferencias e variacións existentes entre os planos achegados e a obra real, valorando as novas necesidades tanto no material coma na man de obra.

CR 5. Exprésanse mediante croquis solucións técnicas alternativas para resolución dun problema puntual.

CR 6. Manéxanse os diversos instrumentos de medida con precisión e destreza suficientes.





obra con anterioridade, verificando o estado e características destes.

CR 2. Revisase todo o material de colocación, procedendo cando sexa posible á súa reparación ou á súa retirada definitiva.

CR 3. Escóllese a ferramenta exclusivamente necesaria en función dos labores a realizar.

CR 4. A vestimenta axústase ó traballo a realizar, ó estado da obra e ás condicións atmosféricas.

CR 5. As bolsas suspendidas sobre o cinto axústanse de xeito firme e seguro de maneira que non dificulten os movementos a realizar.

CR 6. Os elementos de seguraza e protección individual colócanse de forma correcta e ancóranse sobre os elementos que para tal efecto se previron no estudo de seguraza da obra.

■ EC4. Preparar e acondiciona-los soportes a revestir, replanteando a superficie a revestir e aplicando as técnicas axeitadas en función das súas características.

CR 1. Compróbanse as dimensións, resistencia mecánica e defectos de planidade da superficie a revestir analizando as reparacións necesarias en cada caso.

CR 2. Contrólanse as características e posta en obra da argamasa de nivelación.

- **CR 3.** Corríxense as diferentes patoloxías e axentes agresivos do soporte.
- **CR 4.** No caso de non figurar nos planos propónse a realización de bancadas de suxeición para antenas, pararraios,... resolvendo o encontro co resto da superficie a recubrir.
- **CR 5.** En función da pendente realízase un escantillón para o replanteo dos listóns, fixándose a separación sobre dúas liñas paralelas a unha distancia prudencial.
- **CR 6.** Avalíanse os diversos encontros ós que acometen faldróns con distinta, ou con varias pendentes.
- **CR 7.** Trázase a marcaxe do listón sobre o soporte mediante liñas paralelas perfectamente visibles.
- **CR 8.** Compénsanse os posibles erros propondo unha solución alternativa.
- **CR 9.** Téñense en conta as liñas de máxima pendente de cada un dos faldróns, analizando a dirección de desaugamento de cada elemento.
- **CR 10.** Compróbase que o replanteo dá lugar a horizontais de plano coa mesma cota sobre os diversos faldróns.
- **CR 11.** Replantéanse todos e cada un dos elementos a revestir na superficie a recubrir.



■ **EC5.** Fixar listóns de madeira para a colocación das placas de lousa, segundo as especificacións técnicas.

CR 1. Compróbase que as características do listón son as establecidas e que o grao de humidade é o correcto.

CR 2. Ancórase o listón con suficiente seguraza mecánica e empregando os medios axeitados.

CR 3. Efectúanse cortes limpos sobre o listón procurando que o listón apoie en toda a súa lonxitude.

CR 4. No caso de existir illamento, supervísase que este quede perfectamente colocado.

CR 5. Permítese a ventilación entre os listóns impedindo a aparición de posibles nidificacións ou entradas de insectos.

CR 6. Colócanse listóns dobres ou forrados de madeira naquelas zonas que o requiran.

■ **EC6.** Axustar e colocar, segundo as diversas técnicas, as pezas de lousa sobre superficies inclinadas ou verticais segundo o proxecto técnico.

CR 1. Márcase con exactitude a repartición horizontal e vertical das lousas e colócase a fiada de dobradura voando a distancia necesaria sobre os bordos.

- **CR 2.** As placas de lousa márcanse e córtanse con precisión e realízanse os trades necesarios sobre os puntos marcados, evitando calquera deterioración sobre a peza.
- **CR 3.** Identifícanse as distintas partes dunha peza e elíxese a mellor disposición da placa de lousa, realizando unha combinación acertada.
- **CR 4.** Suxéitanse as placas de lousa colocándoas con gancho ou con cravo e realízanse os encontros empregando elementos metálicos vistos e ocultos de xeito seguro.
- **CR 5.** Resólvese o encontro cos edificios estremeiros.
- **CR 6.** Resólvense as bancadas para antenas, pararraios e similares, así como a colocación de biolos de ventilación, viraventos ou remates singulares.
- **CR 7.** Revístense elementos tales como chaminéas, agullas, cúpulas, colócanse ventás, etc, resolvendo o encontro co resto da superficie a recubrir.
- **CR 8.** Realízase a selaxe e impermeabilización das ancoraxes dos elementos de seguranza e de servicio.
- **CR 9.** Verifícase a perfecta colocación das placas así como a súa limpeza.



- **EC7.** Coloca-los elementos complementarios, auxiliares e singulares e efectua-los remates necesarios para o correcto acabado da cuberta segundo as especificacións de proxecto.

- **CR 1.** Ancóranse os elementos metálicos ó soporte con seguranza abonda, permitindo as posibles dilatacións destes.

- **CR 2.** Superpóñense aqueles elementos que o precisen de forma que a devandita unión impida o paso á auga e a aparición de posibles humidades.

- **CR 3.** Córtanse e prepáranse os forros metálicos de forma precisa, empregando os útiles axeitados.

- **CR 4.** Colócanse os posibles elementos de evacuación e desaugamento seguindo unha orde constructiva lóxica, asegurándose de que quedan perfectamente selados e limpos.

- **EC8.** Realiza-la colocación e o mantemento coa calidade requirida e axustándose á normativa de prevención de riscos laborais.

- **CR 1.** Coñécese o estudo de seguranza da obra na parte que lle afecta.

- **CR 2.** Identifícanse os sistemas individuais e colectivos de protección.

- **CR 3.** Prevensen os riscos específicos da obra.

- **CR 4.** Realízase a substitución de placas de lousa e o mantemento de elementos

mecanicamente resistentes, de evacuación e de desaugamento.

CR 5. Inspecciónanse os puntos previstos no manual do edificio en caso que existir.

## B. Especificación de campo ocupacional

### Información e medios de traballo

Proxecto. Croquis de obra. Información verbal da dirección facultativa da obra.

Ferramentas manuais e eléctricas (trades, serras, tesoiras...). Ferramentas específicas do seu traballo: martelo de colocador, tesoiras de lousa e tesoiras para corte de chapa.

### Procesos, métodos e procedementos

Recepción dos materiais en obra. Distribución de materiais. Replanteo. Axuste e corte das pezas. Colocación das pezas en obra. Colocación de elementos complementarios e de remates.

### Resultados do traballo

Impermeabilización dos elementos e as superficies revestidas. Remate e acabado estético desexado. Funcionalidade e durabilidade requiridas.

## C. Capacidades e coñecementos fundamentais

### Capacidades fundamentais

- Interpretar correctamente a información oral e escrita: (debuxos, planos, croquis de obra ...).
- Analiza-las técnicas de preparación e posta a punto dos equipamentos necesarios para a colocación das cubertas, así como a instalación de medios auxiliares e de seguranza.

- Debuxar croquis ou outro tipo de representacións gráficas sinxelas sobre o soporte axeitado.
- Valora-los riscos derivados da colocación de cubertas de lousa co fin de adopta-las medidas preventivas necesarias.

#### Coñecementos fundamentais

- Representación gráfica, sistemas e técnicas de debuxo.
- Cálculo de pendentes.
- Propiedades e características do material a empregar.
- Sistemas de colocación de lousa.
- Normativa vixente sobre prevención de riscos laborais e protección ambiental relativa ó seu ámbito de traballo.

#### ■ 2.2.2. Unidade de competencia 2.

#### **Realizar muros estruturais de cantería, empedrados e elementos singulares**

#### A. Elementos de competencia e criterios de realización

- EC1. Interpreta-los planos e croquis de obra realizando as comprobacións necesarias.
  - CR 1. Identifícanse as distintas formas e tipoloxías dos elementos constructivos.
  - CR 2. Aprécianse as diferencias e variacións existentes entre os planos achegados e a obra real, valorando as novas necesidades tanto no material coma na man de obra.
  - CR 3. Exprésanse mediante croquis, solucións técnicas alternativas para a resolución dun problema puntual.



CR 4. Coordínase espacial e temporalmente co resto dos oficios implicados na obra.

CR 5. Manéxanse os diversos instrumentos de medida con precisión e destreza suficientes.

CR 6. Unha vez realizada a medición da obra, exprésanse os resultados nas unidades correspondentes.

CR 7. Cóbrense correctamente os partes de medición.

■ EC2. Xuntar e distribuí-los materiais en obra, comprobando que se axustan a pedido, utilizando técnicas de elevación e transporte.

CR 1. Compróbase o estado do material recibido e identifícase cada un dos materiais (o material servido e o que aínda está sen entregar na obra), avaliando os posibles stocks críticos que obriguen a realizar un novo pedido.

CR 2. Realízase a descarga sen interromper outros oficios.

CR 3. Prepárase o material a desprazar, comprobando o estado e seguranza, tanto dos medios auxiliares coma da propia obra.

CR 4. Manéxanse medios elementais de transporte e elevación.

CR 5. Depósitase o material sobre zonas suficientemente resistentes para o amoreamento que lle permitan unha colocación progresiva.

- CR 6. Retíranse palés e embalaxes para evitar posibles accidentes.

- EC3. Efectua-lo replanteo de muros, cerramentos, empedrados e elementos singulares, cumprindo as especificacións técnicas.

- CR 1. Procédese a unha comprobación dimensional da superficie a construír.

- CR 2. Replantéanse as diversas pezas a colocar considerando os espazos de xunta entre as pezas.

- CR 3. Compróbase que o despezamento é correcto.

- CR 4. Encáixanse na obra executada novos materiais resolvendo a unión entre eles.

- EC4. Recibir en obra as pezas de pedra, fixándoas segundo o procedemento establecido e ensamblando os elementos auxiliares necesarios en cada caso.

- CR 1. Axústanse dimensionalmente as pezas.

- CR 2. Prepáranse as argamasas de asento segundo as súas especificacións técnicas, dispoñéndoos sobre o tallo a executar.

- CR 3. Colócanse as cuñas ou separadores necesarios para a nivelación e axuste.

- CR 4. Tradéase e introdúcense elementos de ancoraxe para uni-las pedras no lugar no que se precise.

- CR 5. Colócanse en obra as pezas retirando os elementos que as mantiveron suspendidas.
  - CR 6. Tódalas operacións se realizan utilizando as ferramentas e útiles apropiados.
- EC5. Realiza-las operacións complementarias para o remate da obra, mediante os procedementos indicados e aplicando os materiais necesarios para a súa completa terminación segundo as especificacións establecidas.
  - CR 1. Realízase tratamento de xuntas con diversos materiais.
  - CR 2. Procédese a un acabado final cando sexa necesario.
  - CR 3. Aplícanse os tratamentos prescritos e procédese á limpeza final deixando a obra en perfecto estado.
- EC6. Realiza-la colocación e o mantemento cumprindo as especificacións técnicas e coa calidade requirida; axustándose á norma de prevención de riscos laborais e demais normativa vixente.
  - CR 1. Coñécese o estudo de seguranza da obra na parte que lle afecta.
  - CR 2. Identifícanse os sistemas individuais e colectivos de protección.
  - CR 3. Prevense os riscos específicos da obra.

- CR 4. Inspecciónanse os puntos previstos no manual do edificio en caso de existir.

## B. Especificación de campo ocupacional

### Información e medios de traballo

Proxecto. Croquis de obra. Información verbal da dirección facultativa da obra.

Maquinaria de sustentación e elevación. Ferramentas e utensilios específicos.

### Procesos, métodos e procedementos

Recepción dos materiais en obra. Distribución de materiais. Replanteo. Axuste e corte das pezas. Colocación das pezas en obra. Colocación de elementos complementarios e de remates.

### Resultados do traballo

Elementos estables. Acabamento estético e funcional.

## C. Capacidades e coñecementos fundamentais

### Capacidades fundamentais

- Interpretar correctamente a información oral e escrita (debuxos, planos, croquis de obra...).
- Analiza-las técnicas de preparación e posta a punto dos equipamentos necesarios para os traballos de realización de muros, cerramentos, empedrados e elementos singulares, así como a instalación de medios auxiliares e de seguranza.
- Valora-los riscos derivados da execución dos traballos de realización de muros, cerramentos, empedrados e elementos singulares, co fin de adopta-las medidas preventivas necesarias.

## Coñecementos fundamentais

- Coñecementos básicos de debuxo e representación gráfica.
- Características e propiedades do material a empregar e dos esforzos que se lle solicitan.
- Operacións de colocación da pedra.
- Normativa vixente sobre prevención de riscos laborais e de protección ambiental relativa ó seu ámbito de traballo.

### ■ 2.2.3. Unidade de competencia 3. **Revestir todo tipo de paramentos con pezas de pedra natural**

#### A. Elementos de competencia e criterios de realización

- EC1. Interpreta-los planos e croquis de obra realizando as comprobacións necesarias.
  - CR 1. Identifícanse as distintas formas e tipoloxías dos elementos constructivos.
  - CR 2. Aprécianse as diferencias e variacións existentes entre os planos achegados e a obra real.
  - CR 3. Exprésanse solucións técnicas alternativas mediante esbozo para resolución dun problema puntual.
  - CR 4. Coordínase espacial e temporalmente co resto dos oficios implicados na obra.
  - CR 5. Manéxanse os diversos instrumentos de medida e comprobación con precisión e destreza suficientes.

● CR 6. Unha vez realizada a medición da obra, exprésanse os resultados nas unidades correspondentes.

● CR 7. Cóbrense correctamente os partes de medición.

■ EC2. Xuntar e distribuí-los materiais en obra, comprobando que se axustan a pedido, utilizando técnicas de elevación e transporte.

● CR 1. Compróbase o estado do material recibido e identifícase cada un dos materiais (o material servido e o que aínda está sen entregar na obra), avaliando os posibles stocks críticos que o obriguen a realizar un novo pedido.

● CR 2. Realízase a descarga sen interromper outros oficios e ordénanse as distintas pezas a colocar.

● CR 3. Prepárase o material a desprazar, comprobando o estado e seguranza, tanto dos medios auxiliares coma da propia obra.

● CR 4. Manéxanse medios elementais de transporte e elevación.

● CR 5. Depósítase o material sobre zonas suficientemente resistentes para o amoreamento que permitan unha colocación progresiva.

● CR 6. Retíranse palés e embalaxes para evitar posibles accidentes.

■ **EC3.** Efectua-lo replanteo de estruturas e elementos de ancoraxe e/ou as pezas de pedra, cumprindo as especificacións técnicas.

CR 1. Procédese a unha comprobación dimensional da superficie a construír.

CR 2. Replantéase a estrutura metálica en función dos requisitos do proxecto.

CR 3. Replantéanse as diversas pezas a colocar considerando os espazos de xunta entre as pezas.

CR 4. Compróbase que o despezamento é correcto.

CR 5. Encáixanse na obra executada novos materiais resolvendo a unión entre eles.

CR 6. Nívelase a estrutura metálica posicionándoa correctamente para recibirlas pezas.

■ **EC4.** Fixa-las pezas, en seco, con argamasa de cemento, cemento cola, resinas ou outros adhesivos e/ou utilizando os elementos de ancoraxe necesarios, seguindo as especificacións técnicas establecidas.

CR 1. Prepáranse argamasas e adhesivos atendendo ás especificacións técnicas.

CR 2. Sitúanse correctamente as ancoraxes comprobando a súa resistencia mecánica.

CR 3. Colócanse as ancoraxes de fixación da pedra ás estruturas metálicas segundo as especificacións técnicas.

● CR 4. Resólvense encontros de ventás e portas, rematando a peza contra estas.

● CR 5. Manéxanse correctamente as ferramentas axeitadas para cada traballo.

■ EC5. ● Fixar e axusta-la estrutura portante (fachadas ventiladas, chans sobreelevados e falsos teitos) utilizando as técnicas especificadas no proxecto.

● CR 1. Sitúanse correctamente as ancoraxes comprobando a súa resistencia mecánica.

● CR 2. Axústase e móntase a estrutura metálica adaptándoa á modulación da pedra.

■ EC6. ● Fixar e axusta-las pezas á estrutura portante utilizando os elementos de ancoraxe necesarios seguindo as especificacións técnicas establecidas

● CR 1. Introdúcese a ancoraxe na pedra na posición correcta.

● CR 2. Utilízanse as ferramentas apropiadas.

■ EC7. ● Realiza-las operacións complementarias e traballos auxiliares para o remate da obra, mediante os procedementos indicados e aplicando os materiais necesarios para a súa completa terminación segundo as especificacións establecidas.

● CR 1. Nos aplacados recibidos directamente con adherentes procédese ó rexuntado das pezas.



- CR 2. Colócanse reixas de ventilación na posición correcta.
- 
- 
- **EC8.** ● Realiza-la colocación e o mantemento cumprindo as especificacións técnicas e coa calidade requirida; axustándose á lei de prevención de riscos laborais e demais normativa vixente.
- 
- 
- CR 1. Coñécese o estudio de seguranza da obra na parte que lle afecta.
- 
- CR 2. Identifícanse os sistemas individuais e colectivos de protección.
- 
- CR 3. Prevense os riscos específicos da obra.
- 
- CR 4. Inspecciónanse os puntos previstos no manual do edificio en caso de existir.
- 

## B. Especificación de campo ocupacional

### Información e medios de traballo

Proxecto. Croquis da obra. Información verbal da dirección facultativa da obra.

Maquinaria de sustentación e elevación. Ferramentas e útiles específicos.

### Procesos, métodos e procedementos

Recepción dos materiais en obra. Distribución de materiais. Replanteo. Axuste. Elementos estables. Remate e corte das pezas. Colocación das pezas en obra. Colocación de elementos complementarios e de remates.



## Resultado do traballo

Elementos estables. Remate estético e funcional.

### C. Capacidades e coñecementos fundamentais

#### Capacidades fundamentais

- Interpretar correctamente a información oral e escrita (debuxos, planos, croquis de obra...).
- Analiza-las técnicas de preparación e posta a punto dos equipamentos necesarios para a realización dos revestimentos con pedra, así como a instalación de medios auxiliares e de seguranza.
- Valora-los riscos derivados da execución das operacións de revestimento con pedra co fin de adopta-las medidas preventivas necesarias.

#### Coñecementos fundamentais

- Coñecementos básicos de debuxo e representación gráfica.
- Propiedades e características do material a empregar e esforzos que se lle solicitan.
- Técnicas de colocación.
- Normativa vixente sobre prevención de riscos laborais e protección ambiental relativa ó seu ámbito de traballo.

## ■ 3. Ámbitos de competencia

### ■ 3.1. Relación de ámbitos de competencia

- 1. Seguranza na colocación de pedra natural
- 2. Calidade
- 3. Relacións no equipo de traballo

### ■ 3.2. Desenvolvemento de ámbitos de competencia

#### ■ 3.2.1. Seguranza na colocación de pedra natural

##### A. Capacidades fundamentais

- Analiza-la normativa vixente sobre prevención de riscos laborais relativa ó sector da construción, así como os estudos de seguranza de diferentes obras.
- Relaciona-los medios e equipamentos de seguranza presentes nas obras cos riscos que se poden presentar nestas.
- Analiza-las medidas de protección ambiental aplicables ás obras.

##### B. Coñecementos fundamentais

- Normativa vixente sobre prevención de riscos laborais no sector da construción. Estudos de seguranza da obra. Normas sobre limpeza e orde no ámbito de traballo e sobre hixiene persoal.
- Accidentes máis comúns no sector da construción. Métodos de prevención.
- Medios asistenciais antes situacións de emerxencia: primeiros auxilios e traslado de accidentados.

- Normativa vixente sobre seguraza ambiental. Factores que inciden sobre o lugar de traballo (físicos e químicos). Factores que inciden sobre o ambiente.

### ■ 3.2.2. **Calidade**

#### A. Capacidades fundamentais

- Describi-la estrutura de calidade da empresa.
- Aplica-las técnicas de control de calidade nos produtos de serradura e tratamento superficial.
- Aplicar técnicas para a mellora da calidade.

#### B. Coñecementos fundamentais

- Concepto de calidade e produtividade. Sistemas de calidade.
- Planificación, organización e control da calidade.

### ■ 3.2.3. **Relacións no equipo de traballo**

#### A. Capacidades fundamentais

- Manter relacións fluídas co resto dos membros do equipo de traballo no que está integrado, respectando o traballo dos demais, participando no desenvolvemento de tarefas colectivas e evitando ou tentando resolver, dentro das súas posibilidades, os conflitos que se orixinen.
- Resolver problemas e tomar decisións individuais, seguindo normas establecidas ou procedementos definidos dentro do ámbito das súas competencias.

#### B. Coñecementos fundamentais

- A comunicación na empresa. Tipos de comunicación e etapas nun proceso de comunicación. Dificultades/barreiras de comunicación.

- Negociación e solución de problemas. Métodos más usuais para a resolución de problemas e a toma de decisións en grupo.
- Equipos de traballo. Tipos de grupos e de metodoloxías de traballo en grupo. A reunión como traballo en grupo. Tipos de reunión.



## ■ 4. Anexo. Cualificacións profesionais no sector da pedra natural.

Cualificacións	Unidades de competencia	Ámbitos de competencia
<b>Extracción da pedra natural</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Prepara-lo xacigo para a súa explotación.</li> <li>2. Preparar e realizar perforacións e voaduras para descubri-lo nivel productivo e o posterior arrinque e escuadramento dos bloques de pedra.</li> <li>3. Efectua-lo arrinque de bloques de pedra.</li> <li>4. Realiza-la conformación de bloques de granito, mármore e lousa, clasificando e marcando os produtos resultantes.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Seguranza nas instalacións de extracción da pedra natural.</li> <li>2. Relacións no equipo de traballo.</li> </ol>
<b>Serradura e tratamento superficial</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Prepara-lo bloque de pedra natural para o seu corte e serradura coa maquinaria axeitada.</li> <li>2. Preparar e realiza-los tratamentos superficiais na pedra natural.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Seguranza nas instalacións de elaboración da pedra natural.</li> <li>2. Calidade.</li> <li>3. Relacións no equipo de traballo.</li> </ol>
<b>Conformación</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Realiza-las operacións de labra da pedra natural.</li> <li>2. Realiza-lo corte á medida e os labores especiais da pedra natural.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Seguranza nas instalacións de elaboración da pedra natural.</li> <li>2. Calidade.</li> <li>3. Relacións no equipo de traballo.</li> </ol>
<b>Desenvolvemento técnico e coordinación en obra</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Estudia-la documentación recibida.</li> <li>2. Desenvolve-la documentación e as especificacións técnicas.</li> <li>3. Coordina-la execución da obra.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Seguranza nas obras.</li> <li>2. Representación gráfica.</li> <li>3. Relacións no equipo de traballo.</li> </ol>
<b>Colocación da pedra natural</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Colocar cubertas e paramentos verticais con placas de lousa de teitar.</li> <li>2. Realizar muros estruturais de cantería, empedrados e elementos singulares.</li> <li>3. Revestir todo tipo de paramentos con pezas de pedra natural.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. 1. Seguranza na colocación da pedra natural.</li> <li>2. Calidade.</li> <li>3. Relacións no equipo de traballo.</li> </ol>

## ■ 5. Glosario

### ■ Cualificación profesional

É a especificación oficial da competencia que se precisa para desenvolver correctamente un rol de traballo ou unha actividade profesional nun campo ocupacional determinado.

### ■ Competencia profesional

É a capacidade de aplica-los coñecementos e capacidades para conseguir realiza-las actividades e funcións laborais de acordo cos niveis requiridos na produción e no emprego, e para soluciona-los problemas que derivan dos cambios na produción.

### ■ Denominación da cualificación profesional

Trata de expresa-lo rol ou roles esenciais do traballo que se presentan ou presentarán nas tarefas ou situacións productivas da cualificación profesional.

### ■ Nivel

O nivel indica o grao de competencia das actividades de traballo asociadas ás unidades de competencia e ás cualificacións profesionais. Non debe pensarse en categorías profesionais.

Dividiuse a estrutura das cualificacións profesionais nos cinco niveis recoñecidos pola Unión Europea como marco de referencia para calquera sistema de cualificación.

### ■ Competencia xeral

Describe os roles esenciais do traballo que se identificaron para cada cualificación profesional en forma de funcións ou obxectivos da produción que deben ser acadados.



### ■ Unidades de competencia

Conxunto de elementos de competencia con valor e significado no emprego. Obtéñense pola división da competencia xeral da cualificación profesional. Cada unidade de competencia debe responder alomenos a un rol, a un posto ou a unha función da produción.

### ■ Elementos de competencia (EC)

Describen o que as persoas deben ser capaces de realizar nas situacións de traballo. Expresa os logros ou resultados esperados que a persoa debe ser capaz de demostrar para acadalo rol que expresa a correspondente unidade de competencia.

### ■ Criterios de realización (CR)

Describen os resultados ou aspectos críticos que demostran a competencia profesional. Cada criterio define así unha característica do traballo ben feito.

Expresan, por tanto, o nivel aceptable do elemento de competencia que satisfai os obxectivos das organizacións productivas e permiten xulgar fronte a eles as actividades de traballo realizadas pola persoa.

### ■ Especificación de campo ocupacional

É unha descrición do campo de aplicación de cada unidade de competencia segundo as actividades e situacións de traballo actuais e previsiblemente futuras do campo ocupacional correspondente. Caracterízase en función dun conxunto de parámetros (información, máquinas, equipamentos, procesos, técnicas...) que se especifican para cada unidade de competencia.

### ■ Especificación de coñecementos e capacidades

É o conxunto de coñecementos, habilidades cognitivas, destrezas e actitudes que debe incluírse nas cualificacións profesionais. Incluirá non só os coñecementos sobre os feitos e a información que se necesita para actuar, senón tamén as capacidades necesarias para aplicar ese coñecemento ó rango necesario de situacións de traballo.



■ **Ámbito de competencia**

Conxunto de coñecementos e capacidades transversais e/ou de base correspondentes a varias ou tódalas unidades de competencia dunha cualificación profesional.

■ **Bloque**

Con este único termo pretendeuse unificar as diferentes denominacións utilizadas en cada subsector: bloque de granito, bolo de mármore e rachón de lousa.



